

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Orde do 27 de maio de 2008 pola que se modifica a do 7 de febreiro pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social, e se procede á súa convocatoria, cofinanciada co Fondo Social Europeo.

A Orde do 7 de febreiro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social e se procede á súa convocatoria (DOG nº 33, do 15 de febreiro), establece no seu artigo 4 que na concesión destas subvencións destínase a cantidade de 625.000 euros a cargo da aplicación orzamentaria 05.41.312F.481.6.

Existir outras dotacións dispoñibles para o mesmo fin, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás subvencións que poderán ser concedidas ao abeiro da dita orde coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posible.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Ampliar o importe total das subvencións que se van conceder ao abeiro da Orde do 7 de febreiro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social na contía total de 187.186,32 euros con cargo ás dúas aplicacións orzamentarias e desagregación de financiamento que se indica a continuación:

150.020,08 € procedentes da 05.41.312F.481.4, dos que 148.744,98 € corresponden a fondos propios libres, e o importe restante está cofinanciado nun 80% polo Fondo Social Europeo e nun 20% pola comunidade autónoma.

37.166,24 € da 05.41.312F.481.6, dos que 21.958,44 € corresponden a fondos propios libres, e o importe restan-

te está cofinanciado nun 80% polo Fondo Social Europeo e nun 20% pola comunidade autónoma.

Segunda.-Esta ampliación de crédito suporá un importe total de 812.186,32 €.

Terceira.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2008.

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Decreto 109/2008, do 22 de maio, polo que se acorda a cesión en propiedade, a título gratuito, dos predios número 621 e 953 da zona de concentración parcelaria de Viascón (Cotobade-Pontevedra) ao Instituto Galego da Vivenda e Solo.

No exercicio das competencias outorgadas polo artigo 31.2º da Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, a Consellería do Medio Rural, con data do 10 de xaneiro de 2007, iniciou o expediente administrativo para a cesión da propiedade, a título gratuito, dos predios nº 621 e nº 953, terras sobrantas do proceso de concentración parcelaria levado a cabo na zona de Viascón (Cotobade-Pontevedra). Respondíase así á petición formulada o 2 de xaneiro de 2007 pola Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda da Consellería de Vivenda e Solo para levar a cabo a construción de vivendas protexidas por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo da citada consellería.

Por orde da Consellería do Medio Rural do 21 de marzo de 2007 (DOG nº 62, do 28 de marzo) declárouse a alienabilidade dos anteditos inmobles.

Coa entrada en vigor da Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, e de conformidade co disposto no punto segundo do seu artigo 7, os predios con natureza de masa común que figuraban no Inventario do Patrimonio da Comunidade Autónoma pasaron á titularidade da Sociedade Anónima Xestora Bantegal.

Dado que o fin último da atribución dos predios nº 621 e nº 953 ao Instituto Galego da Vivenda e Solo é de carácter social, o Consello de Administración da Sociedade Bantegal acordou, na súa reunión do día 13 de decembro de 2007, declarar innecesaria para o desenvolvemento das actividades da refe-